



A APDR REITERA A ESIXENCIA DE ELIMINACIÓN DEFINITIVA DOS VERTIDOS AO GAFOS E AO LÉREZ E A NECESIDADE DE RECUPERAR A PRAIA DE LOURIZÁN.

Si ben é certo que a situación dos nosos principais ríos foi moito máis preocupante hai algún tempo do que o poida ser hoxe no que fai á proliferación de vertidos contaminantes, é certo tamén que estes vertidos non deixaron nunca de se producir. En efecto, a desaparición do vertido contaminante de TAFISA e a mellora da rede municipal de colectores, coa separación de augas pluviais e fecais nunha amplísima parte da superficie do noso concello, ten suposto unha indubidábel mellora na calidade das augas dos nosos ríos, algo máis evidente se falamos do Lérez, pero –con todo- a situación dista moito de seren a desexábel.

A aparición esporádica de vertidos no Lérez e Gafos, ben sexan de orixe industrial, ben provocados pola utilización da rede de pluviais para a limpeza de caldeiras, tanques,... ou ben pola fraudulenta conexión de vertidos domésticos á rede de pluviais, veu sendo unha constante nos últimos tempos e sigue a ser motivo de preocupación e denuncia diante das administracións con competencia neste terreo; e moito nos tememos que estea lonxe aínda a data na que esta situación mude de xeito definitivo.

E, neste sentido, resulta paradigmática a situación que se está a dar no río Gafos, coa aparición de vertidos contaminantes cunha frecuencia e impunidade que esixe unha solución definitiva por parte das administracións, tanto no que fai á eliminación das causas como á persecución e sanción dos responsábeis. A aparición de “placas de formigón” no colector do Gafos e a máis que posíbel responsabilidade da empresa que realiza as obras na Ponte do Couto non fixo máis que abrir unha loita entre as administracións local e autonómica –que se acusan mutuamente da situación- e veu poñer de manifesto unha situación que era coñecida e que foi denunciada en multitude de ocasións: o colector do Gafos está inservíbel, recolle vertidos indebidamente, e ten que seren substituído por outro de maior capacidade.

Desde a APDR agardamos que a solución ao colector do Gafos non se dilate eternamente no tempo e esiximos da administración local e autonómica que, lonxe de se meter en loitas que en nada benefician á cidadanía, saiban aproveitar a situación para facer as cousas dun xeito radicalmente distinto a como se fixeron no seu día, evitando non só a aparición de novos vertidos, senón tamén o impacto ambiental ao río e o impacto visual das novas instalacións. Reiteramos a nosa esixencia de eliminación de todos os vertidos fecais e industriais aos nosos ríos, a viviancia extrema e a sanción aos responsábeis dos vertidos contaminantes e ilegais alí onde se produzan, e a recuperación dos valores ambientais, paisaxísticos e de lecer que os nosos ríos teñen e que contribúen a mellorar a calidade de vida na comarca. Neste sentido, reiteramos máis unha vez a necesidade de eliminar todas as tubaxes que –polo seu desaxeitado deseño e emprazamento- provocan un forte impacto visual; é o caso do colector da marxe dereita do río Lérez, un colector que non chegou nunca a seren utilizado e que sigue a danar a vista e a sensibilidade a todas cantas persoas alí se achegan. Para a APDR, como colectivo ecoloxista, é fundamental recuperar a riqueza medioambiental dos nosos ríos para así fomentar tamén o achegamento das persoas ao seu contorno natural e á defensa da natureza, para que dunha vez por todas a cidadanía deixe de vivir de costas aos ríos e á ría e asuma o seu dereito a gozar duns valores naturais que moitos outros quixeran para si. Neste sentido, recoñecemos o interese da recuperación da praia no río Lérez pois –con independencia dos problemas que poidamos ver na concreción da obra- resulta evidente que foi quen de mudar na cidadanía esa tendencia a vivir de costas á natureza e ao nos principal río; resta agora a recuperación da nosa mellor praia urbana, que non é outra que a de Lourizán, sepultada hoxe baixo o fedorento e ilegal complexo industrial de Lourizán e que, con seguridade, a cidadanía da comarca será quen de recuperar. É un importante reto na loita polo saneamento e recuperación da nosa Ría.